

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra don _____ en representación da empresa Mariscador S.L., segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo ____.

E doutra don _____, en representación da comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B., segundo consta no documento de constitución con _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día seis de xuño de dous mil dezaioito asinouse o Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación, Puerto de Celeiro S.A. e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación da empresa Mariscador S.L. e da comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B. no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. A empresa Mariscador S.L. e a comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B. aceptan en toda a súa extensión, as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día seis de xuño de dous mil dezoito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación, Puerto de Celeiro S.A. e varias empresas, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. A empresa Mariscador S.L. e a comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B. comprométense a acoller nas súas instalacións a un alumno ou alumna cada unha.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio asinado o día seis de xuño de dous mil dezoito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación, Puerto de Celeiro S.A. e varias empresas, cun representante para a empresa Mariscador S.L. e outro representante para a comunidade de bens Luis Pombo Martínez y otro, C.B.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Asdo.: Román Rodríguez González

O representante da empresa Mariscador

S.L.

O representante da comunidade de bens

Luis Pombo Martínez y otro, C.B.

Asdo.: _____

Asdo.: _____